A REGRA DO XOGO

[*La Règle du Jeu*, Jean Renoir, 1939, Francia, 112', VOSE]

Dirección **Jean Renoir**
Guión **Jean Renoir, Carl Koch**
Fotografía **Jean Bachelet**
Montaxe **Marguerite Renoir, Marthe Huguet**
Son **Joseph de Bretagne**
Elenco **Marcel Dalio, Nora Gregor, Jean Renoir, Roland Toutain, Mila Parély, Paulette Dubost, Julien Carette, Gaston Modot, Pierre Magnier, Eddie Debray**
Produción **Nouvelle Édition Française (NEF)**
Distribución **Classic Films**

Un adiñeirado aristócrata decide abandonar a súa amante para conservar o amor da súa esposa, cortexada ao tempo polo seu confidente e mais por un aviador. No transcurso dunha cacería de fin de semana en Solange, as intrigas amorosas de patróns e servintes mestúranse até desembocar en traxedia. Renoir asina con *La Régle du Jeu* unha comedia de modais que agocha unha aceda crítica á alta sociedade francesa, así coma un dos mellores filmes da historia.

VINDEIRAS SESIÓNS #FEBREIRO 2021

Pendente de programación.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#135
26.1.2021

A REGRA DO XOGO

JEAN RENOIR

CINECLUBE PONTEVEDRA

LA RÈGLE DU JEU
JEAN RENOIR

Un pasa unha velada escoitando discos e a cousa remata cun filme. Non podo dicir que a música barroca francesa inspirase *La Règle du Jeu*, mais animoume a filmar personaxes movéndose segundo o espírito daquela música. Só me apoiei nela ao principio. Non acompaña o filme máis ca nos créditos. Comezaba un período da miña vida acompañado por Couperin, Rameau, todo o que vai de Lulli a Grétry. Aos poucos, a miña idea tomaba consistencia e o tema simplificábase. Transcorridos algúns días entre ritmos barrocos, o tema precisábase cada vez máis.

A Sologne proporcionoume o ambiente en que os actores debían atopar a verdade do seu personaxe. As súas néboas devolvíanme aos felices días da infancia, cando ía con Gabrielle ao teatro Montmartre a embriagarnos con *Jack Sheppard ou os cabaleiros da néboa*. Nada máis misterioso ca aquela paisaxe emerxendo da bruma. Naquel algodón auténtico, os disparos fican amortecidos. É un decorado perfecto para un conto de Andersen. Un agarda, na beira de cada estanque, ver xurdir os fogos fatuos ou, se cadra, o mesmísimo rei da lama. A Sologne é unha rexión pantanosa dedicada por enteiro á caza. Sinto horror pola caza. Considéroa un exercicio dunha crueldade inexcusable. Situando a miña historia no medio daquelas nubes, tiña a oportunidade de describir unha cacería. Todos eses elementos mesturábanse na miña cabeza e incitábanme a atopar unha historia onde utilizalos.

A miña primeira intención foi rodar unha transposición á nosa época dos *Caprices de Marianne.* É a historia dun tráxico erro: o namorado de Marianne é confundido con outro e abatido nunha emboscada. Non tratei de precisar a intriga: rodeeina de tantos elementos diversos que a historia propiamente dita é só unha trama. Un elemento importante é a honestidade sentimental de Christine, a protagonista do drama. Sendo os autores de filmes ou libros en xeral homes, contan historias de homes. A min gústame decribir as mulleres. Outro elemento importante é a pureza de Jurieu, a vítima, que, tratando de inmiscuírse nun mundo do que non forma parte, non respecta as regras do xogo. Durante a rodaxe ía e viña entre o meu desexo de facer unha comedia e o de contar unha historia tráxica. O resultado destas dúbidas foi o filme tal cal é. Pasaba por momentos de total desalento: logo, cando vía a forma en que os actores expresaban o meu pensamento, poníame tolo de entusiasmo. As miñas vacilacións son visibles no desenvolvemento da historia e nas actuacións. Penso nos titubeos de Christine. Ese papel estaba interpretado por Nora Grégor, a princesa Stahremberg. O seu marido, o príncipe Stahremberg, era austríaco, e organizara no seu país un partido campesiño antihitleriano. O seu campesiñado votaba por el. A ondada hitleriana varreunos. Coñecérao pouco antes de *La Règle du Jeu*. El e a súa muller estaban nun estado de gran confusión. Todo no que crían derrubábase. Poderíase escribir unha novela sobre o estado de ánimo daqueles exiliados. Eu contentábame con aproveitar o aspecto de Nora Grégor para construír a personaxe de Christine.

Unha vez máis, partía do exterior para chegar á creación dunha personaxe ou intriga. Pártese da contorna para chegar ao eu. Sinto aprecio e admiración polos artistas que proceden ao revés. A arte abstracta corresponde ás necesidades da nosa época. Mais, persoalmente, sigo a ser un home do XIX e preciso a observación coma punto de partida. O meu pai, que desconfiaba da imaxinación, dicía: «Pintade unha folla dunha árbore sen partir dun modelo. Exporédesvos á monotonía, xa que a vosa imaxinación só vos proporcionará algúns modelos. A natureza proporciona millóns, e na mesma árbore».

Dende as primeiras proxeccións, sentíame asaltado polas dúbidas. É un filme de guerra e así e todo non fai alusión ningunha á guerra. Baixo a súa aparencia benigna, aquela historia atacaba a estrutura mesma da nosa sociedade. Con todo, eu non quería presentarlle ao público unha obra de vangarda, senón un filme sinxelo e normal. A xente entraba no cinema coa idea de distraerse das súas preocupacións. Nada diso, sumíaos nos seus propios problemas. A inminencia da guerra volvía as epidermes máis sensibles. Eu describía uns personaxes amables e simpáticos, mais representaba unha sociedade en descomposición. A miña estupefacción foi total cando aquel filme, que eu pretendía amable, resultou obrar a contrapelo. Foi unha sonora labazada. Acollido cunha especie de odio. Malia os comentarios eloxiosos de certos críticos, o público considerouno coma un insulto persoal.

Atribúolle a reacción dos espectadores á miña sinceridade. Fixera unha obra aberta ás influencias, sobre todo ás da miña primeira infancia, que transcorreu ao carón dos meus pais e de Gabrielle. Eran seres incapaces de non discernir a verdade detrás das máscaras. A estancia coa miña familia foi unha desmistificación. Estamos mistificados. Búrlanse de nós. Eu teño sorte porque aprendín dende a miña mocidade a recoñecer a mistificación. En *La Règle de Jeu* comuniqueille ao público a miña descuberta e á xente non lle gustou. Saber a verdade perturba a súa comodidade. Un cuarto de século máis tarde, daba unha conferencia en Harvard. Nun cinema preto da universidade pasaban *La Règle du Jeu*. Cando aparecín sobre o estrado estalou unha ovación entusiasta. Un público de estudantes aclamaba o filme. Dende entón, a súa reputación fíxose cada vez maior. O que semellaba insultante en 1939, transformárase en clarividencia. O certo é que o fracaso de *La Règle du Jeu* na súa estrea deprimiume de tal xeito que decidín ou ben renunciar ao cinema ou ben abandonar Francia.

Extractos de RENOIR, JEAN (1975). *Mi vida, mis films*. Valencia: Fernando Torres Editor.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.